




Xesús
Lorenzo
Varela
Vázquez

DÍADASLETRAS GALEGAS



Baixo mínimos

Vicente Araguas

Este ano o Día das Letras Galegas dispón dun nome certamente categórico para conmemoralo. Isto é Lorenzo Varela, á hora de facer poesía, non se deixou levar polo río manso da anécdota senon que alá foi, náufrago nun río rebelde e nutritivo no que a circunstancia histórica foi –precisamente– categoría.

Logo está a circunstancia (sen pompa algunha) de que Varela deixou escrito moi pouca poesía, pouquísima en galego, e a maior abundamento en formato relativamente pequeno. Isto é Lorenzo Varela operou baixo mínimos, en extensión e concentrado poético, o que me fai loar dobremente a elección do de Monterroso como patrón, xa non sei se santo, do Día das Letras Galegas deste ano, que sigue a ser festa contra do criterio dos que –se cadra– prefiren que non haxa nada e desta maneirapoder queixarse de nada, en fin.

En Lorenzo Varela –ademais– a RAG considerou a súa pertenza ao grupo de escritores que desde o exilio souberon manter ber ergueita a bandeira insurxente. En acto que valía o seu peso en ouro, porque se aquí escribir en

A RAG considerou a súa pertenza ao grupo de escritores que desde o exilio souberon manter a bandeira insurxente

galego era tarefa chea de atrancos facelo no exterior implicaba –sigue implicando e sei moi ben do que falo– unha vocación polo silencio non sei ate que ponto estritamente precisa para o choio literario.

Fillo pois do exilio, Lorenzo varela volveu a España en 1977, a Madrid, onde o recordo –figura pantasmal e fuxidía– en actos na galería Sargadelos, dos que liscaba apenas rematado o recital ou conferencia que nos convocara, como se quixese deixar no aire dese Madrid tan diferente ao que deixara interrogantes ou enigmas.

En todo caso Lorenzo Varela era vítima das tres feridas hernandinas: a da vida, a do amor, a da morte que axiña habería cebarse nel, un ano despois, mentres a Transición aínda fluía como un río extraño e incapaz de integrar –ben integrado– no seu seo ao poeta de “Lonxe”, que hoxe celebramos e que lástima que non tivese máis



Lorenzo Varela, con Neira Vilas nun acto na galería Sargadelos en Madrid

celebracións en vida, mais isi é o que adoita ter a literatura. De Lorenzo Varela –fica dito– hai poucos poemas que desenguedellar, e non obstante canta boa poesía da que seguir disfrutando.

Unha poesía esencial no cerne, de riqueza na tona, de deseño conceptual de “tendencia”, que diría o primeiro Celso Emilio, vítima tamén nalgún momento do exilio, tan enriquecedor no aspecto criativo como homicida sentimentalmente falando.

De Lorenzo Varela quedarán tres ou catro poemas, que non é mal bagaxe para unha poesía chea de esplendores como a galega

De Varela quedarán tres ou catro poemas, o que non é mal bagaxe para unha poesía chea de esplendores como a galega. “Lonxe” o “O galo”, “Os bois” a xeito de mostras partidas dunha poesía enteira, mais tan tronzada polo lapso bélico que marcou para sempre a Lorenzo Varela. A quen hoxe homenaxeamos, en acto de estricta xustiza, porque:

¡Xa veu o tempo que as flores falen,
xa veu o tempo de que os peixes digan!

O GALO

Vai na brétema o gando,
o rapaz vai na brétema.
Brétema arriba, brétema
abaixo
o canto do galo.

Vai na iauga o gando,
o rapaz vai na iauga.
Po-la iauga arriba pola iauga
abaixo
o canto do galo.

Vai na noite o gando,
o rapaz vai na noite.
Po-la noite arriba, po-la noite
abaixo
o canto do galo.

Vai no sono o gando,
o rapaz val no sono.
Po-lo sono arriba, po-lo sono
abaixo
o canto do galo.

o gando e o mozo o mozo e
o gando,
sentían arriba, no hórreo do
peito,
sentían debaixo, no valado
da ialma,
a chirimía de cristal doénte
do canto do galo.

Vai na morte o gando,
o rapaz vai na morte.
Po-la morte arriba, po-la
morte abaixo
o canto do galo.



“O galo”, gravado de Luis Seoane